

RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS A EXPEDIENTES DA MEDIDA 19 (LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020

I.- Antecedentes

- Ao longo do ano 2018, o director xeral de Agader emitiu resolucións de concesión de axuda nas que figuraba un prazo máximo de execución e xustificación dos proxectos de ata o 15 de outubro de 2018 para os gastos correspondentes a esta anualidade, de conformidade co previsto no calendario de xestión da medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR de Galicia 2014-2020).

- Mediante a resolución do 4 de outubro de 2018, o director xeral de Agader ampliou o prazo máximo de execución e xustificación, para os gastos correspondentes á anualidade 2018 e en relación a todas as resolucións xa emitidas, ata o 30 de outubro de 2018. Por outra parte, as resolucións de concesión de axuda emitidas con posterioridade á citada resolución do director xeral de Agader do 4 de outubro de 2017, emitíronse xa coa nova data máxima de execución e xustificación: 30 de outubro de 2018 para os gastos correspondentes á anualidade 2018.

- Ao longo dos meses de setembro e outubro deste ano 2018, teñen entrada no rexistro xeral de Agader un número significativo de solicitudes de promotores para a ampliación do prazo de execución e para a presentación da documentación xustificativa correspondente aos gastos da anualidade 2018 que exceden do límite máximo (30 de outubro de 2018) establecido con carácter xeral na Resolución do director xeral de Agader do 4 de outubro de 2018.

- As solicitudes de prórroga recibidas en Agader figuran no anexo I deste informe. Neste anexo I consta o número de expediente, título, promotor e xustificación alegada para a solicitude de ampliación de prazo.

II.- Fundamentos legais e técnicos

- Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (*DOG* núm. 42, do 2 de marzo).

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como



sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenios de colaboración do 13 de decembro de 2016 entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e os grupos de desenvolvemento rural seleccionados, mediante acordo do 16 de novembro de 2016 do Consello de Dirección de Agader, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 (LEADER), cofinanciadas con FEADER no marco do programa do PDR de Galicia 2014-2020, publicado mediante a Resolución do 29 de decembro de 2016 (*DOG* núm. 12, do 18 de xaneiro de 2017).

-RESOLUCIÓN do 12 de decembro de 2017 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

- Resolución do director xeral de Agader, do 4 de outubro de 2018, pola que se modifica a data final de xustificación de investimentos correspondentes á anualidade 2018, de xeito que se amplía ata o 30 de outubro de 2018.

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), que prevé a ampliación de prazos no artigo 32.

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013, que se publicou mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (*DOG* núm. 148, do 5 de agosto), sobre delegación de competencias.

Á data de hoxe aínda non finalizou o prazo de execución e xustificación de ningún dos proxectos que no citado anexo I se sinalan, as alegacións dos promotores xustifican a concesión das prórrogas que solicitan, estas non exceden da metade do prazo inicial de execución de xustificación e con elas non se prexudican dereitos de terceiros. Polo tanto, cúmprense as condicións do artigo 32 da citada Lei 39/2015 para a prórroga de que se trata.

En consecuencia,

RESOLVO:

1. Emitir a resolución de concesión de ampliación do prazo máximo para a execución e para a presentación da documentación xustificativa ata o 15 de novembro de 2018, para os gastos correspondentes á anualidade 2018, e referida aos proxectos que se especifican no anexo I e polas causas que no citado anexo se especifican.
2. Notificar a resolución pola que se concede a ampliación do prazo de execución e xustificación aos interesados.
3. Publicar a presente resolución na páxina web de Agader.



GDR	Nº expediente	Título	Promotor	Data prorroga	MOTIVACIÓN
Terras de Miranda	L17-1920-01-0046	CENTRO DE INTERPRETACIÓN DEL PAN DE MONDOÑEDO	PAN Y PANADERÍA DE MONDOÑEDO,SL	15/11/2018	Atraso na recepción de varios componentes
	L18-1920-01-0093	Carpintería metálica de aceiro inoxidable	Noelia Pérez Cao	15/11/2018	Atraso na concesión de licenzas
	L18-1940-01-B094	Valorización dos produtos agroalimentarios a través do sector turístico	Valorización dos produtos agroalimentarios a través do sector turístico	15/11/2018	Varias de las actuacións todavía están en execución
	L18-1940-01-B099	Accións de promoción e divulgación da xestión do Programa Leader polo GDR-01	Accións de promoción e divulgación da xestión do Programa Leader polo GDR-01	15/11/2018	Varias de las actuacións todavía están en execución
Terra Chá	L17-1920-02-0043	Instalación fotovoltaica para autoconsumo de 15,75 kwp	Casa Grandela SC	15/11/2018	Problemas de stock
	L18-1920-02-0048	Reforma e acondicionamento do centro social de Vilar de Santiago	Concello de Riotorto	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1920-02-0063	Proxecto de transformación de produtos maderables en leñas para calefacción	Agroforestal Huerta, S.L.U	15/11/2018	Atraso na obtención de licenzas
	L18-1920-02-0069	Ampliación e adecuación dos recintos feirais do concello de Cospeito	Concello de Cospeito	15/11/2018	Adxudicación das obras
	L18-1920-02-0075	Centro de inspección periódica botellas aire respirable, centro recarga aire respirable, mantemento Eras , montaxe	Servicios técnicos y de ingeniería As Pontes S.L	15/11/2018	Atraso no proveedor de equipos a instalar
Montes e Vales Orientais	L17-1920-03-0048	Reforma de nave para extracción e envasado de mel	O Mel de Sempre SC	15/11/2018	Atraso na obtención de permisos
	L17-1920-03-0059	Rehabilitación Aldea de Vilaxe	Momaytrans S.L.	15/11/2018	Atraso na execución



	L18-1920-03-0075	Adaptación de espazos (vivenda+ terreo) para a xeneración de explotacións complementarias orientadas a pobladores neorrurales	Macbatec Solutions, SLNE	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1920-03-0084	Centro BTT Fonfría	María Modesta Chao Lolo	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1920-03-0086	Adega e Centro de dinamización de Negreira	Carla María de Figueredo López	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1920-03-0100	Proxecto de explotación apícola en Trabado	Hugo Santín Castro	15/11/2018	Atraso debido aos permisos
Miño Ulla	L17-1920-05-0059	Centro para a elaboración de augardente e centro de investigación e interpretación	Oreta Xida S.L	15/11/2018	Atraso na entrega de maquinaria e equipamento
	L18-1920-05-0115	Modernización dun obradoiro de Galletas Artesás, mellorando a produción e a eficiencia enerxética das instalacións	Silvans S.C.	15/11/2018	Atraso na maquinaria e na obra civil e instalacións.
	L18-1920-05-0122	Vehículo de transporte adaptado para servizos sociais	Concello de Taboada	15/11/2018	Atraso na entrega do vehículo
Ribiera Sacra Courel	L18-1920-06-B067	Puro placer: Xornadas Catas de viños 2018	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
	L18-1920-06-B068	Talleres audiovisuais para mozos 2018	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
	L18-1920-06-B125	Difusión Leader: Placas identificativas proxectos 2018	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
	L18-1920-06-B126	Publicación Libro: A Xeomorfoloxía das Montañas do Courel	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
	L18-1920-06-B127	Difusión Leader: Axudas Concedidas 2018	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago



	L18-1920-06-B128	Coñecemento dos proxectos para o desenvolvemento territorial de Sobrarbe Pirineos, Xeoparque Mundial da Unesco	GDr	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
Valdeorras	L18-1940-07-B057	Plan de dinamización, información e animación para a Asociación GDR7 Valdeorras -2018	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
	L18-1920-07-0046	Ampliación parque infantil en Petín	Concello de Petín	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1920-07-0048	Ampliación capacidade produtiva	Alan de Val S.A.T.	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1920-07-0051	Fabricación de xeo criogénico e proxección do mesmo	Clean Technology XXI, S.L	15/11/2018	Atraso na execución
Sil Bibei Navea	L17-1920-08-0026	Miradoiros no tramo final do río Cenzo " Ola do Cenzo" e " Fervenza da Poza Moura"	Concello de Vilariño de Conso	15/11/2018	Atraso na execución
	L17-1920-08-0043	Adecuación de camiños e vías, como ruta de sendeirismo polas morrenas glaciares do río Cenza e rehabilitación de construción rural para sala de interpretación de Chaguazoso	Concello de Vilariño de Conso	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1920-08-0056	Rehabilitación de Rectoral de Parada de Sil para aloxamento rural e restaurante	Porta do Sil S.L	15/11/2018	Atraso na obtención de permisos
	L18-1920-08-0067	Hotel Apartamento Cabanas do Sil 3*	José Benito Blanco Ramos	15/11/2018	Atraso na obtención de permisos e licenzas
Monteval	L18-1920-09-0079	Plan de Formación Anualidade 2018 3ª Parte	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
A Limia Arnoia	L18-1920-10-0105	Intervención arqueolóxica e recuperación patrimonial do Castro de Leboasandaus o Coroa de Santa Critina (Bande-Lobeira)	Concello de Bande e Lobeira	15/11/2018	Atraso na obtención de permisos e licenzas



Carballiño Ribeiro	L17-1920-12-0040	Habilitación para enoturismo de Casa Prioral	Priorato de Razamonde S.I	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1920-12-0081	Cristalería Cea	Cristalería Saleta S:L	15/11/2018	Atraso na execución
	L17-1920-12-0007	SOLUCIONES TECNICAS ESDINELA	Soluciones Técnicas Esdinela S.L	15/11/2018	Atraso na execución
Condado Paradanta	L17-1920-13-0043	Mellora Centro de interpretación da Lamprea e do Viño do Condado" Arabo"	Concello de Arbo	15/11/2018	Atraso na execución
	L17-1920-13-0067	Construción dun tanatorio para ofrecer servizos funerarios, sito en Tortoreos- As Neves	Funeraria Palacios S.L	15/11/2018	Obtención do aval
	L18-1920-13-0094	Memoria valorada para o parque infantil e biosaudable en Guláns	Concello de Pontearreas	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1920-13-0105	Acondicionamento e instalacións dunha edificación destinada a preparados cárnicos	CARNICAS LARUGO 2018 SL	15/11/2018	Atraso na tramitación do aval bancario
	L18-1940-13-B119	Xornadas técnicas " As Oportunidades do Lume"	GDR	15/11/2018	Atraso na execución
	L18-1940-13-B122	Boletín e video promocional do GDR Condado Paradanta	GDR	15/11/2018	Atraso na execución
Eu Rural Asociación de Desenvolvemento Galicia suroeste	L18-1940-14-B065	Posta en valor e sinalización do sendeiros dos Bancos de Santa Tegra	GDR	15/11/2018	Atraso na obtención da autorización de Patrimonio
Pontevedra - Morrazo	L18-1940-15-B062	Animación e difusión Leader (2018)	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago



Pontevedra Norte	L18-1920-16-0093	Reforma local para extracción, envasado e almacenaxe de mel	RAMONA DOVAL DO CAMPO	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto
Salnés Ulla Umia	L18-1920-17-0069	Construción local comercial para supermercado	Comercial Vilanoviña, S.L	15/11/2018	Atraso na obtención de permisos e licenzas
	L18-1920-17-0071	Proxecto Área Recreativa de Calcote, Senda do Pousadoiro e do Regueiro	CMVMC de Godos	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto
	L18-1920-17-0081	Ampliación local comercial con aula didáctica	Galicia Pultec S.L	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto
	L18-1920-17-0085	Adecuación da antiga escola de Briallos a local de cafetería con servizos turísticos complementarios	Concello de Portas	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto
	L18-1940-17-B094	Gastos de Animación III 2018	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
Deloa	L18-1920-18-0046	Proceso industrial de Vigas laminadas en madeira de Pino e Castaño	Exfopino , S.L	15/11/2018	Atraso na consecución do aval bancario
Terras de Compostela	L18-1920-19-0044	Proxecto de apertura dun novo centro de traballo para oficina de enxeñería e comezo de novas actividades de comercialización de seguros agrarios nas explotacións e espazo Coworking	Álvaro Núñez Ferreiro	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto
	L18-1920-19-0070	Aproveitamento de iniciativas do rural para fomentar o turismo	GDR	15/11/2018	Baixa laboral da docente encargada da impartición do curso
	L18-1940-19-B046	Explora, descubre e actua	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
	L18-1940-19-B071	Deseño e edición de mapa de recursos do GDR Terras de Compostela	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago



Ulla Tambre Mandeo	L18-1920-20-0077	Cabañitas de Vila sen Vento	Suavepa , S.L	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto
	L18-1920-20-0079	Centro de Usos Múltiples de Toques	Diócese de Lugo	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto
Ordes	L18-1940-21-B029	Deseño, edición e publicación de material divulgativo IV: Mapa-Guia do Territorio	GDR	15/11/2018	Falta de liquidez para afrontar o pago
Costa da Morte	L17-1920-22-0029	Comercio Rural " Casa Xalleiro de Lago	Lorena Moledo Cives	15/11/2018	Atraso na obtención dos permisos e licenzas
	L18-1920-22-0049	Mellora de eficiencia enerxética da iluminación pública do Conxunto Histórico-Artístico de Corcubión	Concello de Corcubión	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto
Seitura 22	L17-1920-24-0021	Nave Almacén para maquinaria agrícola	IVÁN TEMBRÁS S.L.U.	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto
	L18-1920-24-0088	Centro de día (Lar do Eume) en Pontedeume	Mª Encarnación Sardiña Camino	15/11/2018	Licenzas e permisos
	L17-1920-24-0090	Centro de renvasado, transformación e fundido	Lácteos Algra. S.L	15/11/2018	Atraso na execución do proxecto

Contra esta resolución de ampliación de prazos non cabe recurso, en aplicación do artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela

O director xeral da Agader

(Por delegación: Resolución 24/07/2013; DOG n.º 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

